



INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE LUGO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA CON DATA 28 DE XULLO DE 2016 POR D. FRANCISCO BALADO TEIJEIRO, EN NOME PROPIO E EN REPRESENTACIÓN DE VARIOS TITULARES DE EXPLOTACIÓN DA PARROQUIA DE VILADONGA (CONCELLO DE CASTRO DE REI)

1. ANTECEDENTES

Con data 12 de xullo de 2005 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de Viladonga, Concello de Castro de Rei. A solicitude acompañábase das sinaturas de 76 propietarios, que segundo recolle o oficio de remisión por parte do concello, superaban as maiorías e superficies esixidas na lexislación vixente naquel momento.

A zona denominouse Viladonga, número 270211.

Con data 28 de xullo de 2016, presentan unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Acompañan a solicitude 6 sinaturas de titulares de explotación identificados co seu código CEA.

Foi seleccionada de entre unha importante carteira de solicitudes para levar a cabo algúns dos traballos previos a decreto e que a continuación se relacionan:

ST-5024: Proxecto de colaboración de ST para a redacción do documento ambiental da parroquia de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), adxudicado á empresa AGROGAL GALICIA INGENIEROS, S.L. por un importe de 8.650,42 €.

ST-5025: Proxecto de colaboración de ST para a realización do levantamento topográfico dos viais e deslinde da parroquia de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), adxudicado á empresa PROYESTEGAL, S.L. por un importe de 12.221,00 €.

No trámite ambiental, concluíuse que non é previsible que o dito proceso xere efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinario, segundo a resolución do 13 de febreiro, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático pola que se formula o informe de impacto ambiental para o proxecto de concentración parcelaria de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) promovida pola DX de Desenvolvemento Rural (Clave expediente 2018/0012).

2. DATOS XERAIS DA ZONA

A zona a reestruturar está comprendida dentro do termo municipal de Castro de Rei, máis concretamente na parroquia de Santiago de Viladonga, aunha distancia de 7 km da municipalidade e 19 km da capital da provincia..

Situada na parte oriental do concello, delimitada polo norte polas parroquias de San Salvador de Balmonte e Santa Mariña de Ramil, ambas do mesmo termo municipal; Santa Mª de Ludrio do termo municipal de Castro de Rei e Santiago de Frades do Concello de Pol polo sur; Santa Mariña de Ramil (Castro de Rei) e Santiago de Silva e Santiago de Arcos de Frades (Pol) polo leste e finalmente, polo oeste, con San Salvador de Balmonte, San Salvador de Ansemar e Santa Mª de Ludrio, todas elas do Concello de castro de Rei.

En termos urbanísticos, o Concello de Castro de Rei conta Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado por Orde do 10 de xullo de 2020 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal de Castro de Rei. Na





parroquia obxecto de estudo hai delimitados 9 núcleos rurais: Salcedo, Montebón, Cova, Cañoteira, Campo, Rodao, Carreira, Casela e Rúa de Arriba.

Conta con con 5.052 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2019, 2.496 homes e 2.556 mulleres, distribuídos 25 parroquias que compoñen o Concello.

Segundo as campañas de saneamento gandeiro do ano 2020, consultadas á data de emisión do presente informe, o Concello de Castro de Rei conta con 345 establos de vacún e 12.352 animais de >24 meses; o censo total de vacún ascende a 21.623 animais.

No tocante aos pequenos ruminantes, constan 234 establecemento -algunhas delas coincidentes coas explotacións de vacún- cun censo de animais maiores de 24 meses que ascende a 2030. O censo total á data de emisión deste informe é de 2.416.

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, a orientación predominante é o vacún de leite. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de explotación identificados polo seu código CEA de explotacións de vacún.

Para a análise, comprobaranse os códigos CEA das explotacións coa base de datos que dispón o Servizo de Gandería de Lugo para as campañas de saneamento 2020.

3. ANÁLISE DA PARROQUIA DE SANTIAGO DE VILADONGA E PERÍMETRO A REESTRUTURAR

A parroquia de Santiago de Viladonga conta cunha poboación (INE, 2019) de 89 habitantes, dos cales 40 son homes e 49 mulleres.

O perímetro da zona de reestruturación abrangue unha superficie en torno ás 635 ha. Co fin de entender mellor a realidade da zona e manexar datos máis axustados, é preciso reflectir as áreas propostas para a exclusión. No que ao particular interesa:

- Proponse a exclusión do MVMC de Rodela e Touzón. Serían susceptibles de ser incluídos no proceso unha serie de enclavados dispersos que existen dentro do perímetro da zona co obxectivo de regularizar o seu perímetro e a agrupación de parcelas dispersas no caso de que así sexa solicitado pola asemblea do MVMC
- A segunda zona de exclusión corresponde coa zona de protección do Castro de Viladonga, situado ao norte da zona de estudo, debido ao interese patrimonial e co fin de preservar a súa contorna. Ademais, nesta área atópanse 3 das 6 masas de carballeiras galaico-portuguesas (9230) existentes na zona.

Por todo o exposto, a superficie a reestruturar ascendería ás 300 ha aproximadamente.

As sinaturas presentadas correspondese con titulares de explotación de vacún de leite e unha de vacún de carne. Segundo os datos consultados, na parroquia de Viladonga hai 6 explotacións de vacún activas, das cales á data de emisión deste informe só 3 contan con censo.

No caso dos pequenos ruminantes, hai 4 explotacións das que 3 teñen censo, sendo estes testemuñais e polo tanto, dada a escasa vocación de mercado, non serán obxecto de análise.

En síntese, e á vista dos datos de censos gandeiros, e para continuar co criterio establecido na análise doutras parroquias, consideranse a efectos de avaliación aquelas explotacións incluídas nas campañas de saneamento (vacún de leite e de carne), pola súa dimensión e posible orientación de mercado, deixando fora do estudos as orientacións produtivas minoritarias (porcino, apicultura e equino) e incluíndo neste caso aos pequenos ruminantes, ou non vinculadas a base territorial.

Táboa 1: Explotacións de vacún





LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Viladonga	6	6	100 %
Vacún de carne	1	1	100 %
Vacún de leite	5	5	100 %

Táboa 2: Censos de vacún

Parámetro	Tipoloxía	Censo	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe
Censos vacún >24 meses	Viladonga	229	229	100 %
	Vacún de leite	229	229	100 %
	Vacún de carne	0	0	-
Censos totais	Riomol	364	364	100 %
	Vacún de leite	364	364	100 %
	Vacún de carne	0	0	-

En síntese, a ampla maioría de titulares de explotacións gandeiras de vacún amosan o seu interese en iniciar un procedemento de reestruturación parcelaria.

4. CARGAS GANDEIRAS

Analízase a continuación a carga gandeira referida ao gando vacún, así como o número de explotacións que contan con máis de 10 cabezas, para filtrar aquelas que teñen unha orientación mais adicada ao autoconsumo ou testemuñal.

Considerase 0,4 UGM para os animais de 1-12 meses e 0,6 UGM os animais de 12-24 meses


Parroquia	Superficie (ha)*	Explotacións >10 cabezas	Reprodutores	12-24 meses	0-12 mese	UGM	UGM/ha
Viladonga	300	3	229	59	76	294,8	0,98

* Superficie a reestruturar

Os datos anteriores amosan que a carga gandeira está en torno a 1 UGM/ha. Se ben é certo que para unha correcta interpretación dos datos, non se debe considerar a superficie total da zona posto que existen outros usos distintos dos terreos agrícolas (forestal, urbano, mato) que non están sendo obxecto de aproveitamento para a actividade agrícola e gandeira. Dos estudos realizados, estimase que do total da parroquia, unha superficie aproximada de 175 ha están vinculadas a usos agrícolas e gandeiros. As cargas gandeiras polo tanto ascenden ata aproximarse ás 1,7 UGM/ha..

A seguinte imaxe (**Imaxe 1**) recolle os usos do solo da parroquia, segundo o disposto no SIOSE (Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España)





A continuación, a **Imaxe 2** recolle o parcelario existente sobre ortofotografía, de elaboración propia. Inclúe as zonas de exclusión propostas (*nótese que no MVMC non se marca a exclusión de todo o monte, sendo que logo de revisión de esbozo de data febreiro de 2017 existen parcelas diseminadas susceptibles de seren incorporadas co fin de regularizar perímetro)






5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

No Concello de Castro de Rei leváronse a cabo 10 procesos de concentración parcelaria e a día de hoxe hai 1 en proceso. Da superficie total do Concello, 17.690 ha, hai 7.794 ha concentradas, o que supón un 44 % da superficie total do termo municipal.

ZONA	TIPOLOXÍA	SUPERFICIE (HA)	PROPIETARIOS	PARCELAS	FINCAS	ESTADO
Pacios	Pública	738	406	2409	833	Rematada
Santa Leocadia	Pública	790	411	2867	751	Rematada
Prevesos	Pública	905	255	2012	465	Rematada
Outeiro	Pública	831	411	2268	1051	Rematada
Bazar	Pública	998	504	3572	1126	Rematada
Quintela	Pública	426	150	994	348	Rematada
Ansemar	Pública	841	267	2021	492	Rematada
Balmonte - Goberno	Pública	1026	390	2710	770	Rematada
Ramil	Pública	804	250	1665	470	Rematada
San Xiao de Mos	Pública	435	270	1687	436	Rematada
Triabá	Pública	1163	555	3144	-	En proceso



Imaxe 3: as zonas marcadas en cor verde correspóndense coas zonas concentradas (Fonte: <http://mapas.xunta.es>)





6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento o artigo 7.4 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*, A Consellería do Medio Rural publicou unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesada coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 6 de xullo de 2020 realizouse unha publicación na páxina web da Consellería de Medio Rural e habilitouse un enderezo web (infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal) para que, durante un prazo de 15 días hábiles calquera persoa puidera manifestar o que tivera por conveniente sobre o particular.

O dito prazo finalizou o día 24 de xullo de 2020, sen que ata a data se teña recibido suxestión, queixa ou proposta para ser incluída no presente informe.

7. CONCLUSIÓN

Dos datos avaliados pódese deducir que a reestruturación parcelaria é desexada pola ampla maioría dos titulares de explotacións de vacún de leite, orientación principal. No caso concreto desta parroquia, malia contar cun nº baixo de explotacións, conta cunha ubicación cuase estratéxica para dar continuidade a terreos xa concentrados tanto do Concello de Castro de Rei como do veciño Concello de Pol, tal e como se aprecia na imaxe incluída no epígrafe 5 deste informe, concellos ambos onde o sector gandeiro ten unha importancia capital.

Sería preciso unha análise mais exhaustiva dos territorios a concentrar, vinculación e relación entre as parroquias, usos, etc. co fin de determinar a idoneidade de reestruturar as zonas solicitadas en conxunto ou de xeito individual.

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo

María Pérez Folgueira

(Asinado dixitalmente)

